

PROPOSTAS de CCOO no Convenio de saída da crise

CCOO presentamos hoxe unha batería de propostas para unha verdadeira transformación e modernización do Convenio Colectivo. AEB pretende saír da crise cambiando as regras do sector de arriba abaixo, usando a reforma laboral, recortando salarios e eliminando dereitos. As nosas propostas principais son:

Emprego: Reforzar as garantías de emprego ante decisións organizativas das empresas (exteriorizacións, subcontratacións...). Reforzar os marcos de control sindical para abordar as reestruturacións. Xerar emprego neto e de calidade para combater a escaseza endémica de persoal.

Retribucións: Recuperación salarial: unha subida fixa, con cláusula de garantía: 3% para o ano 2015 e 2% para os seguintes. Participación nos beneficios do sector: distribución entre o persoal dunha porcentaxe do beneficio neto de cada empresa.

Xornada: Introducir elementos certos e creíbles de verificación e control da xornada, para combater e eliminar as prolongacións ilegais. Establecer definitivamente os sábados como día inhábil no sector. Flexibilidade ligada a mellora da conciliación da vida persoal e laboral. Actualización dos criterios de elección das vacacións

Profesionalidade: Formación con elementos de motivación, recoñecemento e participación. Niveis mínimos para as funcións principais (dirección, subdirección, apoderamento, xestión comercial, e os seus equivalentes en SSCC), ligados á clasificación da oficina ou departamento. Promoción e desenvolvemento profesional regulados e obxectivos, combinando criterios de formación, función e desempeño.

Igualdade e Conciliación: Vixilancia e esixencia do cumprimento dos Plans de Igualdade no sector. Prioridade da conciliación ante diversas materias (vacacións, traslados...). Mellora e unificación das medidas de conciliación para a xeración dun marco potenciador da corresponsabilidade.

Non hai dúbida de que neste Convenio estamos enfrontando a definición do sector bancario para o futuro próximo. Non estamos discutindo un punto de máis ou de menos.

AEB propón un sector cunha forte depreciación salarial, sen regulación e sen garantías para as e os profesionais de banca. Queren cambiar as regras, ou mellor: que non haxa regras.

CCOO propoñemos un sector ordeado, retribucións xustas e participación nos beneficios, dereitos e condicións de traballo estables e recoñecemento da profesión bancaria.

A vixencia do Convenio termina o 31 de decembro. Hai que afrontar a disxuntiva con decisión.

27 de Abril 2015



**É tempo de avanzar
É tempo dun bo convenio**